



CIG-SAÚDE INFORMA – NOVEMBRO 2025

Publicado o novo convenio da sanidade privada da provincia de Pontevedra

A CIG-Saúde informa: despois de longas negociacións, foi finalmente asinado o novo convenio da sanidade privada da provincia de Pontevedra. Este acordo estará vixente ata o **31 de decembro de 2027**. A pesar dalgunhas melloras puntuais, o convenio deixa moito que desexar. A CIG **non o asinou** por considerar insuficientes as actualizacións salariais e as condicións laborais que se recollen.

- **Non se modifica o artigo “compensación e absorción”:** os complementos do SMI e outros conceptos que melloraban a nómina poden facer que non haxa melloras reais. A CIG esixiu cambiar este punto: as nóminas son xa abondo precarias para que todo o persoal teña dereito a actualizacións reais e atrasos.
- **Clasificación profesional (art. 9):** actualízase a táboa pero non se describen tarefas. A CIG esixe unha descrición clara das funcións de cada categoría. Inclúen literalmente a redacción do desacordo, non é “habitual” para un convenio que recolle “acordos”.
- **Promoción automática de auxiliares administrativos:** o persoal con máis de 3 anos de antigüidade promociona a oficial administrativo. Atención a quen xa viñese desempeñando esas funcións con outra categoría.
- **Contrato fixo-descontinuo:** poderá ser a tempo parcial!!!
- **Contrato por acumulación de tarefas?** Non existe na lexislación actual, foi substituído na última reforma laboral polo de “duración determinada por circunstancias da produción ou substitución da persoa traballadora”. Alguén non revisou ben a redacción.
- **Xornada laboral:** mantense igual (1770 horas e cómputo trimestral). Só se engade o dereito a librar 11 fins de semana ao ano, sen garantir un por mes.
- **Incremento salarial:**

	2024	2025	2026	2027
	3%	2,4%	2,8%*	2,8%*

*Pode actualizarse por incremento do IPC ata un máximo dun 3,5%

A nómina debe estar actualizada no mes seguinte. Teñen 2 meses para pagar os atrasos do 2024 e 2025

A CIG considera estes incrementos insuficientes: seguimos perdendo poder adquisitivo mentres as empresas aumentan beneficios.

- **Plus de equidade:** para quen cobre complemento SMI, engádese un plus adicional (15€/mes en 2025, 20€ en 2026, 25€ en 2027).

Foi unha condición imposta pola CIG para evitar a conxelación salarial das persoas que menos cobran.

- **Domingos e festivos:**

	2025	2026	2027
Domingos	7€	9€	10€
Festivos	15€	17€	20€

Retribucións mínimas e insuficientes (7€ por domingo en 2025, 15€ por festivo), unha miseria para quen sostén a atención sanitaria.

- **Plus de datas especiais:** 30€ para as quendas de Nadal, Ano Novo e Reis (dende as 22:00h do día anterior ás 22:00h)

- **Plus de toxicidade:** aínda non asinado o convenio, conseguimos que se recolla que este plus “aplicarase a todos os establecementos sanitarios, incluídas clínicas dentais, de fisioterapia ou estéticas”. Agora toca facelo cumprir centro a centro.

Os asinantes non variaron o resto da redacción, así que segue facendo referencia ao “*persoal sanitario dos grupos I, II e III que establece a **ordenanza laboral do 25 de novembro de 1976***”, como mínimo é curioso xa que o mesmo convenio recolle unha nova clasificación

- **Plus de transporte:**

	2024	2025	2026	2027
X. continua	60,58€	62,03€	63,77	65,56€
X. partida	83,87€	85,88€	88,29€	90,76€

- **Licenzas e permisos:** quen asina non actualiza o artigo á normativa vixente, mais lembramos que a lei prevalece en todo o que sexa máis beneficioso.

Engadese o dereito retribuído a acudir ás consultas dos “*especialistas do sistema público de saúde*” e ás “*probos diagnósticas prescritas*” polo tempo indispensable.

- **Formación e promoción profesional:** apenas se transcribe o artigo 23 do Estatuto dos Traballadores. A regulación é mínima e insuficiente.

A CIG denuncia que este convenio perpetúa os baixos salarios e a desigualdade no sector sanitario privado de Pontevedra. Seguiremos esixindo condicións dignas e recoñecemento profesional para todas as traballadoras e traballadores do sector.

Para aclaracións, pódese poñer en contacto connosco no correo

sanidadeprivada@cig-saude.gal.

A CIG loitará centro a centro polos dereitos das persoas traballadoras e un convenio digno.

